

Búscase logo



2º CERTAME DE CREACIÓN

IMAXINART 2014

Do 20 de outubro ao 28 de novembro de 2014

4. XURADO

4.1 O xurado do concurso estará composto por especialistas no ámbito do deseño e da impresión e será presidido pola Concelleira de Xuventude, actuando como secretario o responsable da Concellería de Xuventude.

4.2 O xurado valorará principalmente:

- Coherencia na temática do traballo presentado
- Calidade técnica da representación
- Creatividade

4.3 A resolución do xurado será pública e inapelable.

5. PREMIOS

Farase entrega de tres premios, un por categoría, deseño de logotipo, deseño de programa de actividades e deseño de cartel, podendo non recaer na mesma persoa, dotados con 275 € cada un, así como aparecendo en todos os elementos promocionais resultantes o nome do premiado.

O premio está sometido á correspondente retención en concepto do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, consonte á normativa vixente

ACEPTACIÓN

A organización non se responsabiliza das posibles roturas, danos, extravíos ou de calquera outro acto alleo á súa vontade que se produzan nas obras malia que procurará, en todo momento, que non se produzan.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra destas bases. Calquera dúbida sobre a súa interpretación será resolta pola Concellería de Xuventude do Concello de Santiago.

DATOS PERSOAIS

NOME E APELLIDOS

NACIONALIDADE

DATA DE NACEMENTO

DNI

CENTRO DE ESTUDOS/TRABALLO

ENDEREZO

RÚA/LUGAR

N/LETRA

C.P

CONCELLO

PROVINCIA

DATOS DE CONTACTO

TFNO.MÓBIL

TFNO.FIXO

CORREO ELECTRÓNICO



CONCELLO DE
SANTIAGO
Concellería de Xuventude

2º CERTAME DE CREACIÓN IMAXINART 2014

Certame de Creación Gráfica da Concellería de Xuventude

A Concellaría de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela convoca o II Certame de Creación IMAXINART 2014 co obxectivo de promover e premiar a creatividade dos mozos e mozas creadores de entre 14 e 30 anos.

A finalidade do concurso é a creación da imaxe corporativa que se vai empregar nos materiais publicitarios das diferentes iniciativas, programas e actividades desenvolvidas por esta concellería.

1. OBRAS E CATEGORÍAS

1.1 As obras que se presenten ao concurso consistirán na creación da imaxe gráfica da Concellería de Xuventude, para o que se debe achegar o seguinte material:

1- Un logotipo da Concellería onde se inclúa parte ou todo do seguinte texto: Xuventude

2- Un cartel para cada una das seguintes temáticas:

-Programa de actividades

-VIII Certame Musicaxove'15 (Este texto debe figurar no cartel que se presente)

O tamaño dos carteis será de 42x30 cm en posición vertical, sobre cartón-pluma, sen marxes e sen montura de ningún tipo para evitar que se combe. O tamaño do logotipo será de 15X15 cm. Tanto os carteis como o logotipo terán que ser presentados tamén en soporte dixital cunha resolución mínima de 300 ppp.

A técnica e as cores empregadas serán libres sempre e cando non existan dificultades de cara á súa reprodución.

Na creación da cartelería debe terse en conta que requirirá, de cara á súa publicación, a inclusión do logo creado para este certame e o logo oficial do Concello, elementos que non deben figurar no deseño orixinal.

1.2 Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras por categoría, ben sexan de creación individual ou en grupo, non é necesario presentar traballo en todas as categorías. As obras deberán ser inéditas e non supoñer, en todo ou en parte, copia ou plaxio de escenas fotográficas, carteis ou debuxos xa publicados en calquera das súas formas. Quedarán excluídas se foron premiadas con anterioridade noutros certames ou concursos.

1.3 Poderán participar no certame os mozos e mozas de 14 a 30 anos.

1.4 As obras poderán ser presentadas a título individual ou en grupo, tendo en conta que se debe especificar a parte da autoría que lle corresponda a cada membro do grupo (logo, imaxe, texto...)

1.5 O Concello de Santiago de Compostela resérvase a posibilidade de realizar calquera modificación no cartel ou no logo gañador, sempre que non supoña unha alteración substancial deste.

1.6 O Concello de Santiago de Compostela poderá efectuar cantas reproducións precise do material premiado e difundilo nos medios de comunicación e publicidade que considere oportunos. Para isto, o autor ou autores cederán os dereitos de reprodución das ditas obras.

1.7 Os autores non premiados poderán solicitar a devolución dos traballos na sede da Concellería de Xuventude, se ben o Concello de Santiago se reserva o dereito de utilizar as obras para a realización dunha exposición unha vez rematado o proceso do certame, en cuxo caso as obras se devolverían posteriormente.

2. INSCRIPCIÓN

- Datás: Do 20 de outubro ao 28 de novembro de 2014

- Lugar: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa de Frei Rosendo Salvador, nº 14-16), en persoa ou por correo certificado, baixo o epígrafe 2º Certame IMAXINART 2014.

- Horario : en días laborables de 9 a 14 horas.

Calquera información complementaria relacionada co 2º CERTAME IMAXINART 2014 pódese consultar na:

Concellería de Xuventude

Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvador nº14-16),

Tfno.: 981 543 001 Fax: 981 543 002

dptoxuventude@santiagodecompostela.org

3. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR

Cada participante individual ou grupo deberá presentar a seguinte documentación:

- Boletín de inscrición debidamente cuberto (anexo 1).
- Fotocopia do documento de identidade (polas dúas caras).
- Declaración de que os traballos presentados non foron premiados noutros certames e de que son obras inéditas (anexo 2).
- Obras a concurso (logotipo e dous carteis) formato papel e formato dixital.

Eu,, con DNI..... Declaro:

1.- Que os traballos presentados ao 2º CERTAME DE CREACIÓN IMAXINART 2014. Certame de Creación Gráfica da Concellería de Xuventude non foron premiados noutros certames.

2.- Que os traballos presentados son obras inéditas e polo tanto non son copia en todo ou en parte doutras publicacións

Santiago de Compostela, a de..... de 2014

.....
Nome e Sinatura do participante

LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Xuventude con fins informativas, así coma da posibilidade de exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.

Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade, marque aquí cun X